

Clara Ortega Fernández, Secretaria del Ayuntamiento de Outes (A Coruña),

CERTIFICA

Que, salvo error u omisión involuntaria, por Decreto de Alcaldía núm. 2024-0521 de fecha 24/09/2024, se adoptó la resolución del siguiente tenor literal, una vez traducida a lengua castellana:

"ANTECEDENTES"

Documento	Fecha/Núm.
Memoria de Alcaldía	12/08/2024
Providencia de Alcaldía	12/08/2024
Informe de Secretaría	2024-0501
Acuerdo de la JGL	27/08/2024
BOP - Publicación de las Bases de la Convocatoria	12/09/2024

LEGISLACIÓN APLICABLE

La legislación aplicable al asunto es la siguiente:

- Artículos 5 a 25 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.
- Artículos 29 a 35 del Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, aprobado por el Decreto 11/2009, de 8 de enero.
- Artículos 22 a 27 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Artículos 55 a 64 del Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, aprobado por el Real Decreto 887/2006, de 21 de julio.
- Artículos 21.1.f) y s), 25 y 72 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.
- Artículo 232 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, en el caso de tratarse de Asociaciones.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, por el que se regula la Base de Datos Nacional de Subvenciones y la publicidad de las subvenciones y demás ayudas públicas.

Visto cuanto antecede, se considera que el expediente ha seguido la tramitación establecida en la legislación aplicable, procediendo su aprobación por la Junta de Gobierno Local/Alcaldía de conformidad con lo dispuesto en el artículo 21.1.f) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Vista la propuesta de resolución PR/2024/146 de 23 de septiembre de 2024 fiscalizada favorablemente con fecha de 24 de septiembre de 2024.

RESOLUCIÓN

PRIMERO. Avocar para este trámite concreto la competencia delegada en la



Junta de Gobierno Local, mediante resolución 2023-0334 de 19 de julio, motivada por la urgencia e interés económico en la tramitación del expediente.

SEGUNDO. *Aprobar la convocatoria para la concesión de ayudas individuales destinadas a la promoción de la autonomía personal y la accesibilidad, con el texto que figura en el Anexo de la presente propuesta de Resolución.*

TERCERO. *Aprobar el gasto de 15.000,00 € al que asciende el importe de la subvención, con cargo a la partida presupuestaria 2311.48001.*

CUARTO. *Registrar la información a incluir en la BDNS por los medios electrónicos que esta proporcione, acompañada del texto de la convocatoria y de su extracto. Tras registrar la información, la BDNS pondrá el extracto de la convocatoria a disposición del Boletín Oficial de la Provincia para su publicación. En la publicación del extracto deberá constar el código de identificación que asigne la BDNS a la convocatoria.*

QUINTO. *Designar como órgano instructor a la Unidad de Servicios Sociales Municipales y como miembros del órgano evaluador a:*

- **Presidente:** D. Manuel González López, Alcalde.
- **Secretaria:** Da. Berta Buján Casanova, coordinadora de los servicios sociales municipales.
- **Vocales:**
 - Eduardo Barreiro Mallo, trabajador social.
 - Juana Leis Pedrosa, educadora familiar.
 - Sonia Pérez Figueiras, auxiliar de urbanismo.”

Y, para que conste, a los efectos oportunos, se expide la presente de la orden y con el visto bueno del Sr. Alcalde en Outes, en la fecha que figura al margen.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE.



CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS INDIVIDUAIS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE.

ANO 2024

1. Bases Reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións son as aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 27/08/2024 e publicadas no BOP da Coruña núm. 176, de 12 de setembro.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando, co límite fixado no punto seguinte, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

2. Créditos Orzamentarios

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario de 15.000,00 € consignados na partida 2311-48001 destinada a tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Outes para o ano 2024. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas as unidades familiares que contén con menos recursos.

- Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación na vivenda. Contía máxima subvencionable 2000€.
- Adquisición de próteses dentais e/ou audífonos, non previstos no sistema sanitario. Contía máxima subvencionable: Próteses dentais: 300€; Audífonos: 600€
- Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio. Contía máxima subvencionable: 1500€

3. Obxecto da Subvención e actividade subvencionable.

A finalidade destas axudas é a de colaborar en determinados gastos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024, destinados a:

- Apoiar á persoa con axudas técnicas ou produtos de apoio, para o normal desenvolvemento da vida diaria.
- Facilitar adaptacións funcionais do fogar e a eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación na vivenda, que contribúan a mellorar a autonomía persoa e a previr situacións de dependencia maiores, así como mellorar a súa accesibilidade.
- Adquisición de próteses dentais e audífonos ao obxecto de compensar as limitacións funcionais.



Esta convocatoria subvenciona as seguintes actuacións:

- Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación da vivenda: entenderase por isto a adquisición, instalación e adaptación de mecanismos e útiles necesarios para procurar a maior autonomía posible nas actividades da vida diaria na vivenda habitual da persoa en situación de dependencia, así como a supresión de calquera impedimento ou obstáculo que limite ou impida o acceso, a liberdade de movemento, a estancia e a circulación das persoas con mobilidade reducida, a comunicación sensorial ou calquera outra limitación.

Contía máxima subvencionable: 2000€

- Adquisición de próteses dentais e/ou audiófonos, non previstos no sistema sanitario. Non poderán optar a estas axudas para audiófonos as persoas menores de 16 anos, ao ser unha prestación cuberta polo sistema sanitario.

Contía máxima subvencionable:

- Próteses dentais: 300€
- Audiófonos: 600€

- Adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio de uso persoal e intransferible. Enténdese por isto calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións nas actividades da vida diaria. No anexo III relaciónanse todos os produtos obxecto de subvención.

Contía máxima subvencionable: 1500€

4. Requisitos para Solicitar a Subvención e Forma de Acreditalos

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia e/ou discapacidade ou a teñan solicitada con anterioridade a apertura do prazo de solicitude destas axudas e que acrediten a necesidade das actuacións solicitadas.

No caso das axudas para a adquisición de próteses dentais e auditivas, non será esixencia o expresado no párrafo anterior, sempre que cumpran os 65 anos de idade no presente ano 2024.

Os/as solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadado/a no Concello de Outes.
- b) Que a renda per cápita da unidade de convivencia da que forma parte o solicitante non supere o 125% do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) establecido para este ano 2024, incluíndo as pagas extraordinarias. Cando a unidade familiar estea formada por dous membros este límite elevarase ata o 150% do IPREM e cando esté formada



por un só membro ata o 175% do IPREM. No caso dos solicitantes de axuda destinadas á adquisición de próteses dentais e audiófonos estas porcentaxes reduciranse respectivamente ao 100%, 125% e 150%.

Considérase **unidade de convivencia (UC)** o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

5. Prazo de Presentación de Solicitudes e Documentación

As solicitudes segundo o modelo oficial que figura como Anexo I nas bases presentaranse preferentemente de xeito telemático a través da sede electrónica municipal ou por medio das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de PACAP. Para a vía presencial requírese cita previa chamando ao Departamento de Servizos Sociais do Concello no 981850003 en horario de 09:00 a 14:00h.

O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses, contando dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Deberán acompañarse á solicitude os documentos seguintes:

- Fotocopia do DNI do membro da unidade de convivencia para quen se solicita a axuda.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas de tódolos membros da unidade de convivencia correspondente ao último exercicio fiscal. De non tela presentado, autorización ao concello para obter datos da AEAT. (Anexo II)
- No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2023 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.
- De non autorizar a consulta, xustificante de empadramento da unidade de convivencia.
- Certificado de discapacidade e/ou dependencia.
- Informe de saúde que acredite a necesidade da actuación solicitada.
- Orzamento das obras, das axudas técnicas ou produtos de apoio solicitados.

No caso de adaptación funcional do fogar e/ou eliminación de barreiras arquitectónicas na vivenda, solicitude de licenza municipal, memoria descritiva da obra ou, no caso de ser necesario, proxecto técnico.



6. Proposta de resolución provisional, resolución definitiva, prazos e notificación

O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrència competitiva. O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, levarase a cabo a instrución do procedemento, realizando de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Deste xeito, unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión avaliadora emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e do Informe da Comisión avaliadora, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados, en cumprimento do réxime de notificacións previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., e concederá un prazo de dez días para presentar alegacións.

A proposta de resolución expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a puntuación obtida e os criterios de valoración seguidos para efectual, así como a proposta de desestimación fundamentada do resto de solicitudes.

Os beneficiarios propostos deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución definitiva de concesión da subvención, os Certificados de que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma en que se determine regulamentariamente.

Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e, no seu caso, os criterios de valoración seguidos para efectual.

O órgano instructor será a unidade de Servizos Sociais municipais ou a/o funcionaria/o en quen delegue. O instructor poderá realizar de oficio as actuacións que xulgue necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se ditará a proposta de resolución.

O prazo máximo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa será de tres meses, contados desde o día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.



O vencemento do prazo máximo sen haberse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7. Criterios de Valoración de Solicitudes

Os criterios para a asignación das subvencións serán os indicados no ANEXO IV das Bases reguladoras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

